

**Acta núm. 13/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 5 de agosto de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez
María Rosa Romero Fariña.
José Antonio Vidal González.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 5 de agosto de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2025, DO 15/07/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).
- 6º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 7º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 8º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) LICENZA DE VAO PERMANENTE.
- 10º) FESTIVOS LOCAIS 2026.
- 11º) ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á FESTA DOS MAIORES 2025.
- 12º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 12/2025, DO 15/07/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 15.07.2025, acta núm. 12/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ISABEL GUADALUPE CASTRO GUISANDE, na que comunica que vai limpar os canalóns e recolocar parte das tellas afectadas na liña do borde da cuberta, na vivenda sita na Avda. de Vicente Ramos nº 23, Os Ánxeles – Brión.

A vivenda (referencia catastral 15013B505108300001QP) onde se pretenden executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 e atópase incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM como “Casa América” (clave: TEICBE1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da emitido pola xefa de servizo de Patrimonio Cultural da Delegación Territorial da Coruña de data 04.07.25 (expediente XTC-2025-1493.AUI), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL BARBEITO NOYA, na que comunica que vai executar obras de limpeza e reparación das fachadas de mampostería granítica da vivenda nº 4 de Sabaxáns – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 8013205NH2481S0001QQ) onde se van executar as obras atópase clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM, e sitúase nas proximidades do lavadoiro de Sabaxáns, incluído no catálogo de bens interese cultural do PXOM, (clave: XBI2), e en base ao artigo 45, apartado 2.d da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 83,17 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GENEROSA FREIRE NEO, na que comunica que vai pintar en tons claros as fachadas da vivenda sita en Vioxo de Abaixo nº 1 - Luaña.

A edificación (referencia catastral 1739402NH2414S0001RQ) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.

Total: 100,00 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ GARRIDO VILAS, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en San Salvador nº 14 – Bastavales, substituíndo a cobertura existente por outra nova das mesmas características (tella cerámica curva).

A vivenda (referencia catastral 7724102NH2472N0001PY) onde se pretenden executar as obras, atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM e sitúase na aldea de San Salvador que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave SBE1, así como nas proximidades da Igrexa de San Salvador (clave: SBR1), e en base ao artigo 45, apartado 2.a da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 72,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 136,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Cristina Ezcurra de la Iglesia, que di actuar en representación de EVA MARÍA NÚÑEZ PÉREZ, na que comunica que vai executar obras de rehabilitación e mellora da eficiencia enerxética sobre a fachada posterior da vivenda nº 77 da Avenida de Santa Minia – Brión, consistentes en: restaurar as ventás existentes de madeira, instalación dun sistema de illamento exterior (SATE), previas reparacións puntuais en elementos da mesma, con revestimento final continuo acrílico ou siloxánico branco. Tamén se van realizar axustes nos aleiros e elementos da cuberta.

A parcela (referencia catastral 62615022466S0001JO) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM e atópase afectada pola proximidade dunha serie de elementos de interese cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 11.07.2025 (expediente XTC-2025-1348.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 131,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada MANUEL CARNOTA BEIRAS, na que comunica que vai facer un acceso polo linde norte dunha parcela sita nas inmediacións da aldea do Rial - Os Ánxeles, instalando un tubo de pvc de 6 ml x 40 cms de diámetro, na cuneta dun vial municipal, rematado por enriba cunha capa de formigón.

A parcela (referencia catastral 15013B505010240000MS) atópase emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria e sitúase dentro zona de policía da rede fluvial s/n 983640003430.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 14.05.2025 (expediente DH.W15.108433), e do informe do arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN GENEROSA ARUFE PÉREZ, na que comunica que vai executar obras de reforma no interior da vivenda nº 4 de Gundín – Os Ánxeles. As obras a executar consonte coa memoria descritiva asinada polo arquitecto técnico José Manuel Vázquez Santamarina, consisten en:

- Na planta alta da vivenda, vaise instalar un falso teito de cartón-xeso e illamento termo/acústico e conseguinte pintado do mesmo en dous dormitorios.
- Na planta baixa, vaise instalar un trasdosado en cartón-xeso da cara interior do cerramento co conseguinte pintado dos mesmos e dos teitos afectados.
- Substituír os elementos de calefacción (4 radiadores de fundición por outros tantos en aluminio).
- Reposición dos peldaños da escaleira interior existente en terrazo, por uns novos de gres porcelánico.

A parcela (referencia catastral 5440201NH2454S0001UJ) na que se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1) e atópase dentro da zona de protección dunha

vivenda integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, (Clave AE-12) e), e en base ao artigo 45, apartado 2.n da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 144,60 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 209,17 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARTA CARBALLO FIDALGO, na que comunica que vai limpar e pintar en cor branca as fachadas da vivenda sita en Liñares 43 – Brión.

A edificación (referencia catastral 5948305NH2454N0002WP) na que se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,40 euros.

Total: 30,40 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORENTINO CASAL GENDRA, na que comunica que vai executar un peche na fronte dunha parcela, sita no lugar de Casaldoeiro – Bastavales. O peche en contacto con un vial público, terá unha lonxitude de 34 metros lineais, e executarase con base de bloque (2 filas) e arameira por enriba ata unha altura total de 1,80 metros.

A parcela (referencia catastral 7511410NH2471S0001PB) na que se pretenden executar as obras está clasificada como solo de núcleo rural /SNR), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche afastarase 5,50 metros do eixo do vial municipal.
- Os peches opacos, xa sexan de fábrica ou de formigón deberán quedar convenientemente revestidos e pintados en tons claros.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 - Total: 89,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PAZ BARROS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai executar varias obras nunha parcela sita en Liñares 63 – Brión, consistentes en:

a) Executar un peche perimetral de parcela diáfano coas seguintes características:

- Na fronte da parcela a executar cunha base maciza de 0,40 cms, rematado por enriba con láminas metálicas verticais separadas, de 1 metro de altura, para unha altura total do peche de 1,40 m. O peche frontal afastarase a 8 metros do eixo da estrada provincial (DP1301), deixando un oco de acceso a parcela, sobre o que se instalarán; un portalón de correioira de 1.80 m de alto, afastado 6 metros do borde exterior da citada estrada, para entrada de vehículos, e unha porta de acceso peonil de apertura ou barrido cara o interior da finca.
- Nos lindes da parcela, a executar cunha base maciza de 0,40 cms, rematado por enriba con malla electrosoldada de 1 m. de altura, para unha altura total de 1,40 metros.

- b) Executar unha soleira de formigón no perímetro da vivenda e de 1 metro de ancho, e outra próxima á implantación da vivenda para acondicionar “zona de aparcamento”, cunhas dimensións en planta de 5 x 6 m., respectando a liña de 7 metros do borde da estrada provincial (liña límite de edificación).
- c) Instalación de pérgola anexa á fachada oeste da vivenda en estrutura metálica (3,20 x 2,60 m) en planta e unha altura de 2,46, a executar con lamas metálicas orientables, sobre en unha base de formigón (3 x 4 metros).
- d) Instalación de piscina descuberta de 7,25 m x 3,50 m e 1,45 m de profundidade na parte lateral da vivenda.
- e) Obras de rebaixe do terreo, na zona oeste da parcela, próxima ao vial municipal, aos efectos de nivelar o mesmo.

A parcela (referencia catastral 5750430NH2455S0000ZP) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), e dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, sendo de aplicación a ordenanza nº 8.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 24.03.2025 (exp. 2024000050240) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche da fronte de parcela deberá axustarse aos requisitos técnicos impostos na autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 24.03.2025 (expte. 2024000050240).
- No referente as obras de recheo a executar no lado oeste da parcela, advertir que as alteracións sobre a rasante natural do terreo non poderán superar en ningún punto os 30-35 cms.
- O peche sobre o lado oeste en contacto cun vial municipal deberá de afastarse un mínimo de 4 metros do eixo do mesmo, sen que afecte ou altere a rasante do vial.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 286,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 350,77 euros.

TERCEIRO .- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que di actuar en representación de MIHAELA MERTICARU, na que comunica a primeira ocupación parcial dunha vivenda unifamiliar situada en Gundín 28 – Os Ánxeles.

Con data 26/07/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a MIHAELA MERICARU (vivenda 1), PROMOTORA DE VIVENDAS BERTAMIRÁNS S.L. (vivenda 2 e 3) e MARÍA ÁLVAREZ GONZÁLEZ e ALBERTO IBÁN FERNÁNDEZ (vivenda 4), para construír catro vivendas unifamiliares pareadas (dous a dous) en Gundín 28-29-30-31 – Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.06.2022 (expte. 2203149).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Fco. Javier Amenedo Ansedo con data 10.06.2024, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 24.04.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.403,20 euros.

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 1.467,77 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que di actuar en representación de ALBERTO IBÁN FERNÁNDEZ, na que comunica a primeira ocupación parcial dunha vivenda unifamiliar situada en Gundín 31 – Os Ánxeles.

Con data 26/07/2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a MIHAELA MERICARU (vivenda 1), PROMOTORA DE VIVENDAS BERTAMIRÁNS S.L. (vivenda 2 e 3) e MARÍA ÁLVAREZ GONZÁLEZ e ALBERTO IBÁN FERNÁNDEZ (vivenda 4), para construír catro vivendas unifamiliares pareadas (dous a dous) en Gundín 28-29-30-31 – Os Ánxeles, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.06.2022 (expte. 2203149).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Fco. Javier Amenedo Ansede con data 10.06.2024, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 24.04.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.227,40 euros

.-Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 1.291,97 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda, local comercial e edificación auxiliar situados en Babenzo 60 – Bastavales.

Con data 21/12/2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS, para construción dunha edificación, destinada a vivenda, local comercial, edificación auxiliar e piscina, en Babenzo nº 60 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 08.11.2021 (n.r.e.:2106511).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echeverría con data 25.05.2025, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 06.06.2025, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS, na que comunica o inicio da actividade dun comercio ó por menor de medicamentos, produtos sanitarios e hixiene persoal (oficina de farmacia), en Babenzo 60 – Bastavales.

A Xunta de Goberno Local, á vista da memoria de actividade asinada polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría en data maio de 2025, da autorización do Departamento Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña de data 04.07.2025, para o funcionamento do

cambio de localización voluntario definitivo da oficina de farmacia C- 543-F, situada no lugar de Sabaxáns, núm.57 de Bastavales ao novo local situado no lugar Babenzo s/n, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o uso do local para a actividade de comercio ó por menor de medicamentos, produtos sanitarios e hixiene persoal (oficina de farmacia), en Babenzo 60 – Bastavales, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULARIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Antonio Balboa Rodríguez, que di actuar en representación de CPI CONECTA & AHORRA, S.L, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de Café - Bar- Restaurante “ O Padriño”, do local comercial situado na planta baixa do inmovible nº 54 de Sabaxáns – Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Carlos José Rivas Miranda e preténdese poñer a nome de CPI CONECTA & AHORRA, S.L.,

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de Café-Bar-Restaurante “ O Padriño”, do local comercial situado na planta baixa do inmovible nº 54 de Sabaxáns – Bastavales, a nome de CPI CONECTA & AHORRA, S.L, CIF: B72635220.

SEXTO .- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Mourentáns nº 2 – Viceso, abrindo unha gabiá de 11 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 000300200NH24E0001AI) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 114,30 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 22,86 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,43 euros.

SÉTIMO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Ángel Liñares Túñez, que di actuar en representación de JOSÉ MIGUEL CASTRO CARBALLAL e MINIA ROJO REY, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Chave de Ponte – Bastavales, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro industrial Manuel Ángel Liñares Túñez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, con data 09.07.2025 (nº 20251743).

Descrición da parcela de orixe:

Referencias catastrais: 9115109NH2491N0001WB e 15013B503012050000MA

Superficie: 3.971 m² (segundo medición recente)

Lindes:

Norte: Soledad Zumalave Zumalave (1.206), Servizo nacional de concentración parcelaria (1.207) e zona excluída.

Sur: Dolores Mirazo Miguez (1.202).

Leste: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria.

Oeste: José Mella Vázquez (1.204).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

Parte: 2.451 m², clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Parte: 1.520 m², clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.d).

SEGREGACIÓN PRETENDIDA:

Finca 1:

Superficie: 1.520 m²

Lindes:

Norte: Soledad Zumalave Zumalave (1.206), Servizo nacional de concentración parcelaria (1.207) e zona excluída.

Sur: Dolores Mirazo Miguez (1.202).

Leste: parcelas resultantes da segregación da finca matriz (Finca 2, Finca 3 e Finca 4).

Oeste: José Mella Vázquez (1.204).

Clasificación urbanística: Solo rústico.

Finca 2:

Superficie bruta: 833,28 m².

Superficie de cesión: 98,62 m² (a 5,5 m. do eixe do vial).

Superficie neta: 734,66 m²

Lindes:

Norte: Soledad Zumalave Zumalave (1.206), Servizo nacional de concentración parcelaria (1.207) e zona excluída.

Sur: Finca 3 da mesma segregación.

Leste: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, hoxe estrada da aldea Chave de Ponte.

Oeste: Finca 1, resto da finca matriz (1205).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

Finca 3:

Superficie bruta: 807,33 m².

Superficie de cesión: 50,44 m² (a 5,5 m. do eixe do vial).

Superficie neta: 756,89 m².

Lindes:

Norte: Finca 2 da mesma segregación.

Sur: Finca 4 da mesma segregación.

Leste: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, hoxe estrada da aldea Chave de Ponte.

Oeste: Finca 1, resto da finca matriz (1205).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

Finca 4:

Superficie bruta: 810,39 m².

Superficie de cesión: 52,71 m² (a 5,5 m. do eixe do vial)

Superficie neta: 757,68 m²

Lindes:

Norte: Finca 3 da mesma segregación.

Sur: Dolores Mirazo Miguez (1.202).

Leste: camiño construído polo Servizo de concentración parcelaria, hoxe estrada da aldea Chave de Ponte.

Oeste: Finca 1, resto da finca matriz (1205).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e aceptar a cesión dos terreos de 98,62 m², 50,44 m² e 52,71 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

OITAVO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de ANTÍA MATO BOUZAS, na que comunica que vai construír un muro de contención na fronte de dúas parcelas sitas na aldea de Mato (entrada da aldea), na parroquia da Luaña, consonte co proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, que conta con visado colexial de data 27.06.2025 e documentación complementaria asinada en data 21.07.2025.

O muro dunha lonxitude de 46,69 metros, descorre paralelo á traza do camiño público, executarase en perpiaño de pedra granítica duns 60 cms de espesor e 3 m. de altura na coroación do mesmo sobre a rasante do camiño, afastado 4,00 m. do eixo do vial no extremo oeste e 5,45 m. no extremo leste, deixando libre o trazado da cuneta existente. O PXOM neste caso (vial interior de núcleo) establece un aliñamento de 4 metros do eixo.

As parcelas (referencias catastrais 9545128NH1494S0001IZ e 9545127NH1494S0001XZ) na que se pretenden executar as obras atópanse dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRO-1 (áreas consolidadas pola edificación da zona oeste).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

1.-A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta técnica Ana María Brenlla Romarís, que conta con visado colexial de data de 27.06.2025 e documentación complementaria asinada en data de 21.07.2025.

2.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

3.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2).

4.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.-Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.-Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

10.- O muro de contención afastarase a unha distancia mínima de 4 metros ao eixo do camiño, e a cuneta do camiño que da fronte ao mesmo, deberá quedar en perfectas condicións de estabilidade, a fin de que discorran libremente as augas de pluviais.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 240,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 336,03 euros.

NOVENO.- LICENZA DE VAO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL A SENRA, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para a entrada e saída de vehículos do garaxe do edificio de vivendas sito na Rúa da Senra nº 20, Alqueidón – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 31.07.2025, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (3,3 m.), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

DÉCIMO.- FESTIVOS LOCAIS 2026.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.07.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 01.08.2025, que transcrita di:

Visto o Decreto 46/2025, do 9 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026, publicado no DOG núm. 117, do 20 de xuño, propoño á Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste concello para 2026 as seguintes datas:

-. O luns 6 de abril de 2026 (Luns de Pascua) e o xoves 14 de maio de 2026 (Día da Ascensión).

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á FESTA DOS MAIORES 2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24.07.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), en sesión do 01.08.2025, que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 27.06.2025 e o informe de Intervención do 23.07.2025.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia á festa dos maiores 2025, de acordo coa seguinte tarifa: Prezo público por persoa: 10,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

DÉCIMO SEGUNDO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,22 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González